



Viaño Pequeno, 14
15687 Trazo (A Coruña)
t: 981 689 001
f: 981 689 035

WEB: www.concellodetrazo.es
Email: correo@concellodetrazo.es

Concello de Trazo

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TRACTOR E DOUS APEIROS CONSISTENTES EN DÚAS DESBROZADORAS, UNHA DE ARRASTRE E OUTRA DE BRAZO, NOVOS PARA O CONCELLO DE TRAZO MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA MÁIS VANTAXOSA, CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN E TRAMITACIÓN URGENTE. Subvencionado segundo o Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Trazo para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

1. OBXECTO DO CONTRATO

Satisfacer as necesidades de contar cun tractor e dous apeiros consistentes en dúas desbrozadoras, unha de arrastre e outra de brazo novos co fin de incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa do Concello de Trazo con base nas competencias que lle atribúe o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) en materia de conservación de camiños e vías rurais e prevención e extinción de incendios.

O obxecto do contrato concrétase na subministración dun vehículo tractor e dous apeiros consistentes en dúas desbrozadoras, unha de arrastre e outra de brazo novos. As características técnicas do vehículo e dos apeiros establécense no prego de prescricións técnicas que forman parte deste prego como ANEXO I.

As características técnicas esixidas están baseadas no establecido no convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Trazo para a finalidade que nel se sinal entre elas, incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministro tal e como establece o artigo 9 do TRLCSP.

2. ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN

O orzamento máximo de licitación é o que se especifica no epígrafe 2 do cadro de características do contrato, que figura como ANEXO II: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (en diante “cadro de características”).

Na contratación destas subministracións entenderase que os contratistas, ao formular as

súas propostas económicas, incluíron dentro destas o importe do Imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego (ANEXO IV).

3. FINANCIAMENTO

Existe crédito para esta contratación na partida que se indica no epígrafe 3 do cadro de características do contrato. Subvencionado segundo o Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Trazo para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

4. REVISIÓN DE PREZOS

Os prezos de contratación das subministracións comprendidos neste contrato non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e xa que logo non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

5. FORMA E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de avaliación e tramitación urgente, polo que os prazos que figuran no presente prego reduciranse á metade.

6. CONSULTA DE PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS

Os interesados poderán consultar os pregos e obter copias destes no lugar que se indica no epígrafe 8 do cadro de características.

7. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

7.1.- Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 E 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

7.2.- Unións de empresarios

Se varios empresarios acoden á licitación como unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, acompañando todos os documentos a que se refire a cláusula 10 do presente prego, indicando a porcentaxe de cada un deles, así como a designación dun representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contías significativas.

Para a presentación de ofertas por parte da unión de empresarios non se esixe a formalización da unión en escritura pública. No entanto no caso de resultar adxudicataria,



Concello de Trazo

Viaño Pequeno, 14
15687 Trazo (A Coruña)
t: 981 689 001
f: 981 689 035
WEB: www.concellodetrazo.es
Email: correo@concellodetrazo.es

deberá formalizarse a unión de empresarios en escritura pública dentro do prazo máximo de 15 días a contar desde a notificación da adxudicación do contrato.

8. ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE

8.1. Contrato non suxeito a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante.

8.2. Perfil de contratante: co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica no epígrafe 8 do cadro de características do contrato.

9. PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

Contrato non suxeito a regulación harmonizada (Art. 15 TRLCSP)

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indica nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 10.

Para os efectos do disposto no artigo 140 do TRLCSP, os licitadores poderán designar como confidencial a documentación que conteña información facilitada que consideren con tal carácter. A designación deberá realizarse mediante un selo, ou similar, no que se imprima a palabra “confidencial”, en cada unha das páxinas que conteña información deste tipo.

No caso de que as proposicións se enviasen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante Telex, Fax (981689035) ou Telegrama (Rexistro xeneral do Concello de Trazo, Lg. Viaño Pequeno, 14, 15687, Trazo, A Coruña) no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urgente, a fin de non dilatar o acto de apertura de Plicas e a adxudicación do contrato.

Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas no presente prego.

A presentación das proposicións presume a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das ditas cláusulas sen excepción ningunha.

10. PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN.

Admisibilidade de variantes ou alternativas. No epígrafe 9 do anexo II (cadro de características do contrato) indícanse as variantes ou melloras que se admitirán, de ser o caso, así como sobre que elementos e en que condicións queda autorizada a súa presentación. No caso de que se admitan variantes, os sobres B) e C) conterán, separada e debidamente identificada, a documentación correspondente a cada unha das variantes que presente o licitador.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses a contar desde a apertura das proposicións.

10.1.- Sobre A: Subtitulado "Documentación".

No anverso do sobre figurará a mención: "Documentación para a contratación de SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TRACTOR E DOUS APEIROS CONSISTENTES EN DÚAS DESBROZADORAS, UNHA DE ARRASTRE E OUTRA DE BRAZO, NOVOS PARA O CONCELLO DE TRAZO. Presentada por..... (Nome ou denominación social, CIF, enderezo de correo electrónico e enderezo de correo postal para os efectos de notificacións, número de teléfono, número de fax)". SELO E SINATURA

Conterá a seguinte documentación:

10.1.a) De conformidade co establecido no artigo 146.4 do Real decreto legislativo 3/2011, na súa redacción dada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e o seu internacionalización), conterá a documentación que se relaciona:

Unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. Axustarase ao seguinte **modelo**:

D. _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con CIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de (título:.....)

1º) Declara responsablemente que cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

2º) Autoriza a que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en calquera das seguintes formas:

- Fax: _____

-Enderezo electrónico: _____

3º) Certifica:



Concello de Trazo

- Que o número global de traballadores de persoal é de _____, , sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%)
- Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %
(Lugar, data e sinatura do proponente)

En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

10.1.b) Exclusivamente o licitador proposto como adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación trala formulación da proposta da Mesa de Contratación e tralo requirimento do órgano de contratación (cláusula 15 do presente Prego)

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación de ser o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, de ser o caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan

reglamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición Adicional 14 do TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.d) do TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

De acordo co art. 55 do TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Validación de poderes: os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán validarse previamente polo secretario/a da Corporación ou funcionario habilitado.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D. _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con CIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(título:.....)

declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están



Concello de Trazo

incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) do TRLCSP.

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

F) Acreditación da clasificación:

Ao tratarse dun contrato de subministracións, non se require clasificación.

G) Acreditación da solvencia:

G.1) Solvencia económica e financeira

Considerase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira, se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

G.2. Solvencia técnica ou profesional

A solvencia técnica ou profesional apreciarase por medio dunha relación dos principais subministracións realizadas nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. As subministracións efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedidor por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; de ser o caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Considerarase solvente o licitador que acredite experiencia na realización de subministracións cun obxecto substancialmente similar ao deste contrato, que se acreditará mediante a relación das subministracións efectuados polo interesado no curso dos cinco últimos anos, correspondentes ao mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto do contrato, avalados por certificados de boa execución.

Considerase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do

contrato ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

H) Unións temporais de empresas. Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 7 do presente prego.

I) Declaración de empresas vinculadas. No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das comunidades autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que se atopen inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os extremos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos.

Non obstante aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia as Empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 de data 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D) e E) sempre que os citados documentos estean vixentes.

K) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación (de carácter voluntario).

Axustarase ao seguinte modelo:

D. _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con CIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(título: ...)

Autoriza á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do Imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente)



L) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

10.2. SOBRE B, Subtitulado "OFERTA ECONÓMICA e DOCUMENTACIÓN SOBRE CRITERIOS AVALIÁBEIS AUTOMATICAMENTE "

No anverso do sobre figurará a mención: "Oferta económica e documentación sobre criterios avaliábeis automaticamente" para a contratación de SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TRACTOR E DOUS APEIROS CONSISTENTES EN DÚAS DESBROZADORAS UNHA DE ARRASTRE E OUTRA DE BRAZO NOVOS PARA O CONCELLO DE TRAZO. Presentada por..... (nome ou denominación social, CIF, enderezo de correo electrónico e enderezo de correo postal para os efectos de notificacións, número de teléfono, número de fax)". SELO E SINATURA

Conterá a proposición formulada estritamente conforme ao Modelo que figura como Anexo IV deste Prego.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses a contar desde a apertura das proposicións.

11. GARANTÍA PROVISIONAL

En consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

12. DOCUMENTOS. ORIXINAIS E COPIAS

Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo funcionario/a encargado do rexistro ou a quen no seu caso se designe para o efecto, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

13. IDIOMA

Todos os documentos presentados polos licitadores en idiomas distintos do castelán ou do galego, deberán ir acompañados da correspondente tradución a calquera destes idiomas. De non facelo así, teranse como non postos. Consideraranse documentos incorrixíbeis e non poderán ser obxecto de valoración.

14. APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións corrixíbeis, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto no Art. 160 do TRLCSP.

Se a mesa observase defectos ou omisións corrixíbeis na documentación presentada, comunicarao por escrito aos interesados por algún dos medios que os licitadores indiquen na declaración contida no sobre A. Para estes efectos concederáselles un prazo non superior a tres (3) días hábiles para a súa corrección ou corrección, a contar desde o día seguinte ao do envío da comunicación, do que se deixará constancia documental no expediente.

Polo que respecta ao acto público de apertura da oferta económica e criterios avaliábeis automaticamente, estarase ao disposto nos artigos 21 e seguintes do Real decreto 817/2009 polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.

Apertura e valoración das ofertas

A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura das ofertas económicas e criterios avaliábeis automaticamente. Celebrarase no lugar e día que se sinale no taboleiro de anuncios de contratación da Corporación ou perfil de contratante.

O Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición invitarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, mais sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou subsanación de defectos ou omisións.

14.1 Rexeitamento de proposicións

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou levase consigo erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que carece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada.

14.2 Criterios de valoración:

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto son os que se indican no Anexo III deste Prego.

14.3.- Criterios de desempate:

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que, no momento de



Concello de Trazo

acreditar o seu solvencia técnica, teña no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%. Se as empresas empatadas en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal. (Disposición adicional 4ª do TRLCSP). Se persistise o empate adxudicárase á empresa que obtivese a mellor puntuación no criterio ao que se outorga a maior ponderación, isto é no prezo, se persiste no prazo e se persiste na garantía. Para rematar de persistir o empate realizarase un sorteo que cumpra coas garantías de publicidade transparencia e non discriminación.

14.4 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a xeito de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou logo de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) o inicio e execución dos servizos, g) a recepción, etc., faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.

15. ADXUDICACIÓN

15.1. Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- A) A documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato, prevista na cláusula 10.1.b).
- B) A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Administración do Estado, da comunidade autónoma e do Concello de Trazo e da Seguridade Social.
- C) A xustificación de constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do prezo de adxudicación, excluído o Imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.

A Administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades que se atopen en situación de mora fronte á Administración contratante como consecuencia do impago de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantivesen impagados importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais logo de recibir na entidade o primeiro

requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola Administración.

D) Nos supostos previstos na cláusula 14.3, xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados.

15.2 De non cumprir adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.d e 61.2.e do TRLCSP

15.3 O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

15.4 A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

16. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores, na data que sinale a Administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que no seu caso esixise.

Se as causas da non formalización fosen imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

17. GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

O adxudicatario virá obrigado a pagar os gastos de publicación de anuncios en diarios oficiais, así como nun diario de prensa (por unha soa vez), de igual modo deberá aboar os tributos que pesen sobre o contrato ou no seu caso sobre o obxecto do contrato.

18. LUGAR DE ENTREGA

O adxudicatario deberá entregar e instalar os bens no lugar que se indica no epígrafe 14 do cadro de características. A Administración resérvase a facultade de modificar o lugar e programa de entrega en razón das súas necesidades e notificando esta circunstancias expresamente á empresa adxudicataria. Os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ao lugar convidado serán de conta do contratista.

19. PRAZO DE ENTREGA/EXECUCIÓN

O adxudicatario deberá entregar e instalar os bens de acordo co prazo que figura no epígrafe 4 do cadro de características, computados a contar desde a data de formalización



Viaño Pequeno, 14
15687 Trazo (A Coruña)
t: 981 689 001
f: 981 689 035

WEB: www.concellodetrazo.es
Email: correo@concellodetrazo.es

Concello de Trazo

do contrato en documento administrativo. En consecuencia o adxudicatario estará obrigado a entregar os bens no tempo e lugar fixados no contrato e con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego.

A mora do adxudicatario non requirirá a previa intimación pola Administración.

Calquera que sexa o tipo de subministracións, o adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou danos ocasionados aos bens antes da súa entrega á Administración.

O adxudicatario do contrato deberá coordinar co Concello a data de entrega dos bens, para os efectos de efectuar a correspondente recepción, non sendo responsable a Administración dos vicios ou defectos que tivesen os bens motivada pola entrega dos mesmos sen previo aviso.

En todo caso o contratista debe comprometerse a efectuar a entrega con data límite do 24/11/2017 de forma que poida xustificarse a actuación antes do 10/12/2017, tendo en conta a cláusula sexta do convenio que di que o Concello de Trazo estará obrigado a xustificar ante a Consellería do Medio Rural, antes do 10 de decembro de 2017, o cumprimento da finalidade do convenio e o seu custo real. Se durante a tramitación do procedemento de adxudicación a Administración entendese a imposibilidade de xustificar en prazo a actuación poderá resolver o proceso de adxudicación logo do aviso ás empresas participantes.

As empresas deberán presentar ademais de proposta de redución de prazo de entrega o compromiso de que en todo caso executará a subministración con data límite o 24/11/2017 de acordo co modelo do ANEXO IV

A factura debera presentarse ata o día 24/11/2017 a través do FACe (para a súa tramitación e xustificación da subvención polo Concello)

Todo elo sen prexuízo de posibles prórrogas de execución e xustificación que poida conceder a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. Neste último caso estarase ao prazo que se sinale no acordo de prórroga

20. BENS DE CALIDADE DEFECTUOSA

O adxudicatario responderá da calidade dos bens fornecidos e das faltas que houber. Cando os bens non se achen en estado de ser recibidos, farase constar así en documento para o efecto, para que o adxudicatario remedie os defectos observados ou proceda a unha nova subministración, sen prexuízo da tramitación do expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato.

21. DEREITOS DO ADXUDICATARIO

1.- Dereito ao pagamento do servizo que realmente execute segundo as cláusulas do presente Prego, e de acordo o disposto no artigo 216.4 do TRLCSP, segundo redacción dada pola Disposición final sexta do Real decreto Lei 4/2013, o pagamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a conformidade da factura: deberá presentarse a través do FACe a factura correspondente, atinxindo ao contratista o cumprimento desta obrigaón formal.

Dita presentación deberá realizarse unha vez efectuada a entrega do subministro e ata o 24/11/2017 (para que sexa posible a súa tramitación e xustificación posterior polo Concello)

Unha vez cumprido este requisito, iniciárase o cómputo dos trinta días naturais para que a Administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obrigaón; no entanto, se a documentación presentada tivese algún defecto, será devolta ao contratista para o seu corrección, non iniciándose o prazo sinalado ata que os documentos se presentasen de novo no Rexistro Xeral debidamente emendados.

b) Prazo para o pago: unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecida a obrigaón de pago, a Administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes (e en todo caso antes da finalización do prazo de xustificación da subvención)

A execución de traballos por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu pagamento ata que non se inclúa no Orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

2.- Se a Administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei de 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as Medidas de Loita Contra a Morosidade nas Operacións Comerciais e art. 216.4 do TRLCSP.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación expresamente e por escrito a existencia do mesmo, o prazo para esixir o interese de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, xa que logo, o prazo para esixir o interese de demora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentou en FACe, o prazo para esixir o interese de demora non se iniciará ata que se emenden os



Viaño Pequeno, 14
15687 Trazo (A Coruña)
t: 981 689 001
f: 981 689 035

WEB: www.concellodetrazo.es
Email: correo@concellodetrazo.es

Concello de Trazo

defectos que contivese a factura ou ata que se presente a mesma no FACe.

3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse de devandita suspensión, nos termos establecidos no art. 216.5 TRLCSP.

4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos danos que como consecuencia diso se orixinasen, se a demora da Administración fose superior a seis meses. (216.6 na súa redacción dada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización).

5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobro, nos termos do artigo 218 do TRLCSP.

22. PAGAMENTOS

O pago do prezo efectuarase dunha soa vez, cando sexa cumprido integramente o obxecto do contrato.

Requirirá presentación de factura acompañada de acta de recepción e informes dos servizos técnicos que correspondan.

- Nos prezos da oferta enténdese que os licitadores incluíron todos os custos que corresponden á subministración, instalación, transporte, embalaxe, montaxe, seguros, homologación técnica, etc. e todas as outras tarefas que inciden no proceso de instalación, así como todos os impostos de calquera esfera fiscal. Serán por conta do adxudicatario todos os trámites de documentación do vehículo tractor e apeiros: matriculación, permisos de circulación, etc.; sen que supoña un custo adicional ao Concello. En consecuencia o adxudicatario non poderá esixir o pago de cantidade ningunha por este concepto

- Corresponde ao adxudicatario o rótulo co logotipo da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural coa imaxe corporativa oficial, e o logo do Concello de Trazo. En consecuencia o adxudicatario non poderá esixir o pago de cantidade ningunha por este concepto.

De conformidade co establecido na Disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP introducida polo Real decreto Lei 4/2013 o contratista terá a obrigaçión de presentar a factura a través do FACe ; na devandita factura deberá incluír, ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os seguintes datos:

Destinatario: CONCELLO DE TRAZO CIF: P1508700J

Órgano decisorio/xestor: ALCALDESA/PRESIDENTA DO CONCELLO DE TRAZO

Código DIR3: L01150866

Unidade contable: INTERVENCIÓN

Código DIR3: L01150866

Unidade tramitadora: INTERVENCIÓN

Código DIR3: L01150866

En canto aos prazos e trámites de pago estarase ao disposto no art. 216 do TRLCSP e ao sinalado na cláusula 21 do presente prego.

Se a persoa física ou xurídica que emite a factura non figura inscrita no Rexistro de terceiros do Concello deberá achegar a certificación da entidade financeira na que se recolla o código IBAN a conta na que debe facerse efectivo o pago.

23. PRÓRROGAS NA EXECUCIÓN

Se o atraso na execución do contrato fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que lle sinalara o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

24. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista por causas imputables ao mesmo incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

No caso de que o adxudicatario houber ofertado redución de prazo de execución e a demora fose imputable ao contratista as penalidades diarias indicadas no parágrafo anterior serán as seguintes:

REDUCIÓN (% sobre o prazo de execución)	Penalidades
Ata un 5% 0,50	por cada 1.000 euros
Ata un 10% 0,55	por cada 1.000 euros
Ata un 15% 0,60	por cada 1.000 euros
Ata un 20% 0,65	por cada 1.000 euros
Ata un 25% 0,70	por cada 1.000 euros
Ata un 30% 0,75	por cada 1.000 euros
Ata un 35% 0,80	por cada 1.000 euros
Ata un 40% 0,85	por cada 1.000 euros
Ata un 45% 0,90	por cada 1.000 euros
Ata un 50% 0,95	por cada 1.000 euros
Ata un 55% ou máis 1	por cada 1.000 euros



Viaño Pequeno, 14
15687 Trazo (A Coruña)
t: 981 689 001
f: 981 689 035

WEB: www.concellodetrazo.es
Email: correo@concellodetrazo.es

Concello de Trazo

A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista do prazo de entrega, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

25. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

No suposto de modificación do contrato de subministracións estarase no disposto nos arts. 219 e 296 do TRLCSP, debendo formalizarse en documento administrativo as ditas modificacións segundo ao establecido no art. 156 do TRLCSP.

26. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía do contrato será o que se indica no epígrafe 16 do cadro de características do contrato. E se durante o devandito prazo se acredítase a existencia de vicios ou defectos nos bens fornecidos, terá dereito a Administración a reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose suficiente.

Se a Administración estimase durante o prazo de garantía que os bens fornecidos non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista e exista a presunción de que a reposición ou a reparación dos devanditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar o devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obrigaçión de pago, ou tendo dereito, de ser o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Logo de terminar o prazo de garantía sen que a Administración formule ningún dos reparos ou a denuncia a que se refire o art. 298 do TRLCSP, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens fornecidos.

Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

27. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DAS PRESTACIÓNS

A. CONFIDENCIALIDADE E SEGREDO PROFESIONAL

Toda a información facilitada pola Administración ou a obtida polo adxudicatario en relación co presente contrato terá carácter confidencial, debendo o adxudicatario gardar o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a Administración o autorice

expresamente e para supostos concretos e determinados.

B. PROTECCIÓN DE DATOS:

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade á mesma, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción da mesma.

A empresa comprometerase a non conservar en ningunha forma unha copia dos documentos que lle foron confiados ou que produza, nin facer uso dos datos contidos para outros fins, salvo autorización expresa.

28. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as previstas nos artigos 223, 224 e 299 do TRLCSP, cos efectos previstos nos artigos 225 e 300.

29. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

Compete ao órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convindo, modificar as prestacións por conveniencia do servizo e de suspender a súa execución por causa de utilidade pública, indemnizando, de ser o caso, os posibles danos e perdas ocasionados nos termos establecidos na Lei de contratos do sector público.

30. RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato ten carácter administrativo e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e, de ser o caso, da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos dará lugar a recurso Contencioso-Administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora do dita xurisdición, logo da interposición, de ser o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP, os interesados poderán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.



Concello de Trazo

ANEXO I

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TRACTOR E DOUS APEIROS DESBROZADORA

1. OBXECTO

Satisfacer as necesidades de contar cun tractor e dous apeiros desbrozadora (unha de arrastre e outra de brazo) novos co fin de incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa do Concello de Trazo en base as competencias que lle atribúe o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) en materia de conservación de camiños e vías rurais e prevención e extinción de incendios.

O obxecto do contrato concrétase na subministración dun vehículo tractor e dous apeiros desbrozadora (unha de arrastre e outra de brazo) novos. As características técnicas do vehículo e do apeiros desbrozadora establécense no prego de prescricións técnicas para a subministración dun vehículo tractor e dous apeiros desbrozadora (unha de arrastre e outra de brazo) novos que forman parte deste prego.

As características técnicas esixidas están baseadas no establecido no convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Trazo para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

2. SUBMINISTRACIÓN

2.1. VEHÍCULO TRACTOR

- a) Motor
 - a. Potencia mínima 120 CV
 - b. Par máximo: 500 Nm (a 1.300 – 1.400 rpm)
 - c. 4 cilindros mínimo
 - d. Con filtro de aire
- b) Transmisión e caixa de cambios
 - a. Embrague accionamento hidráulico ou electrohidráulico
 - b. Inversor electrohidráulico baixo par
- c) Toma de forza
 - a. Disco de embrague independente
 - b. Accionamento electrohidráulico cun mínimo de 2 velocidades (540/1000 rpm)
- d) Equipo hidráulico
 - a. Forza alzamento brazo: en función da desbrozadora de brazo
 - b. Circuito hidráulico: caudal mínimo de 95 l/min

- e) Outras
 - a. Ángulo de xiro de dirección 55 grados
 - b. Cabina insonorizada con calefacción e aire acondicionado

2.2. DESBROZADORAS

- a) Cabrestante
 - a. Forza de tiro mínima: 8.000 Kg
 - b. Mínimo 50 m de cable de 14 mm de diámetro.
 - c. Accionamento hidráulico e reversible
- b) Desbrozadora de arrastre
 - a. Desbrozadora de enganche traseira
 - b. Con rotor de martelos ou de cadeas
 - c. Desprazamento hidráulico lateral e vertical do tractor
 - d. Ancho de traballo mínimo: 1,65 m
- c) Desbrozadora de brazo
 - a. Cabezal adiantado
 - b. Alcance: 3 – 5,5 m
 - c. Cabezal de 1,15 – 1,25 m adaptable a cuchillas e martelos con dobre senso de xiro reversible e rotación
 - d. Sistema de refixeración axeitado

Os apeiros serán totalmente desmontables, permitindo utilizar o vehículo para traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais

3. PREZO

Vehículo tractor:

Cabrestante

Desbrozadora de arrastre

Desbrozadora de brazo

Presuposto total:

Sen IVE: 90.000,00 EUROS

IVE: 18.900,00 EUROS

Prezo Total con IVE: 108.900,00 EUROS

4.- PRAZO DE ENTREGA

Un (1) mes, (en todo caso co tempo suficiente para a xustificación establecida en data máxima do 24.11.2017)

5.- GARANTÍA E OUTROS

- Garantía de dous anos ou superior.
- Serán por conta do adxudicatario todos os trámites de documentación do vehículo e



Viaño Pequeno, 14

15687 Trazo (A Coruña)

t: 981 689 001

f: 981 689 035

WEB: www.concellodetrazo.es

Email: correo@concellodetrazo.es

Concello de Trazo

tractor: matriculación, permisos de circulación, etc.; sen que supoña un custe adicional ao Concello

- Corresponde ao adxudicatario o rótulo co logotipo do Concello de Trazo, con indicación do servizo ao cal estará afectado o dito vehículo e tamén o da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial.

CPV 16700000-2 Tractores

CPV 16800000-3 Partes de maquinaria agrícola y forestal

ANEXO II CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Epígrafe 0. REGULACIÓN HARMONIZADA.- contrato suxeito a regulación harmonizada: NON

Epígrafe 1. OBXECTO: **SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TRACTOR E DOUS APEIROS CONSISTENTES EN DÚAS DESBROZADORAS, UNHA DE ARRASTRE E OUTRA DE BRAZO, NOVOS PARA O CONCELLO DE TRAZO**

Epígrafe 1. BIS. CODIFICACIÓN:

CPV 16700000-2 Tractores

CPV 16800000-3 Partes de maquinaria agrícola y forestal

Epígrafe 2. (Cláusula 2) ORZAMENTO E VALOR ESTIMADO:

Vehículo tractor: Cabrestante; Desbrozadora de arrastre ; Desbrozadora de brazo

Presuposto total:

Sen IVE: 90.000,00 EUROS

IVE: 18.900,00 EUROS

Prezo Total con IVE: 108.900,00 EUROS

O valor estimado do contrato é de 90.000 euros que é o orzamento sen IVE

Epígrafe 3. (Cláusula 3) FINANZAMENTO: Aplicación orzamentaria 151.62400

Epígrafe 4. (Cláusula 19) PRAZO DE EXECUCIÓN: 1 mes, a contar desde o seguinte ao de formalización do contrato en documento administrativo. **En todo caso o contratista debe comprometerse a efectuar a entrega con data límite do 24/11/2017** de forma que poida xustificarse a actuación antes do 10/12/2017, tendo en conta a cláusula sexta do convenio que di que o Concello de Trazo estará obrigado a xustificar ante a Consellería do Medio Rural, antes do 10 de decembro de 2017, o cumprimento da finalidade do convenio e o seu custo real. Se durante a tramitación do procedemento de adxudicación a Administración entendese a imposibilidade de xustificar en prazo a actuación poderá resolver o proceso de adxudicación logo do aviso ás empresas participantes.

As empresas deberán presentar ademais de proposta de redución de prazo de entrega o compromiso de que en todo caso executará a subministración con data límite o 24/11/2017 de acordo co modelo do ANEXO IV

A factura debera presentarse ata o día 24/11/2017 a través do FACe (para a súa tramitación e xustificación da subvención polo Concello)

Todo elo sen prexuízo de posibles prórrogas de execución e xustificación que poida conceder a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. Neste último caso estarase ao prazo que se sinale no acordo de prórroga

Epígrafe 5. CLASIFICACIÓN: Non se esixe. Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia xustificando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos na cláusula 10.1.b) G.

Epígrafe 6. (Cláusula 9) LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS: Rexistro Xeneral do Concello de Trazo (Lg. Viaño Pequeño, 14, 15687, Trazo, A Coruña)

Epígrafe 7. (Cláusula 9) PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS: As proposicións presentaranse no horario do Rexistro Xeneral, (de luns a venres de 9:00 ás 14:00 horas), dentro do prazo dos oito días naturais (xa que se realiza por tramitación urxente) a contar desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil do contratante (www.concellodetrazo.es)

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP

Epígrafe 8. (Cláusula 6, 8) PERFIL DE CONTRATANTE E LUGAR DE OBTENCIÓN DE COPIAS DO PREGO: www.concellodetrazo.es

Epígrafe 9. (Cláusula 10) MOSTRAS: Non se esixen. VARIANTES: Non se admiten.

Epígrafe 10 (Cláusula 15) GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do prezo de adxudicación IVE excluído.

Epígrafe 11. TAXAS DO CONTRATO: Non se esixen.

Epígrafe 12. (Cláusula 4) REVISIÓN DE PREZOS: Non se aplica.

Epígrafe 13. (Cláusula 17) IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE A COSTA DO CONTRATISTA: 1000 EUROS

Epígrafe 14 (Cláusula 18) LUGAR DE EXECUCIÓN: Concello de Trazo

Epígrafe 15 (Cláusula 22) FORMA DE PAGO: Pago único; documentación a presentar: ver cláusula 22.



Viaño Pequeno, 14
15687 Trazo (A Coruña)
t: 981 689 001
f: 981 689 035

WEB: www.concellodetrazo.es
Email: correo@concellodetrazo.es

Concello de Trazo

Epígrafe 16. (Cláusula 26) PRAZO DE GARANTÍA: dous anos

OUTROS DATOS: INFORMACIÓN: Teléfono 981689001,

ANEXO III CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

De acordo co establecido na cláusula 14.2, os criterios para a adxudicación do procedemento aberto son os seguintes:

Criterios avaliábeis automaticamente:

A) OFERTA ECONÓMICA

PUNTUACIÓN: Ata 40 puntos

CRITERIO DE PUNTUACIÓN: Para o seu desenvolvemento e aplicación aplicarase a fórmula de cálculo desenvolvida en virtude dun convenio subscrito entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela a través da Facultade de Matemáticas, establecida no criterio de valoración da fase II (oferta económica) recollido nos Pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais, aprobados por acordo plenario de data 30/12/2015 e publicados no enderezo:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

B) REDUCCIÓN DE PRAZO

PUNTUACIÓN: Ata 10 puntos

CRITERIOS DE PUNTUACIÓN: para estes efectos se o prazo se expresase en meses, entenderase 30 días naturais. Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.

Puntuación máxima

Calcularase en primeiro lugar a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en días naturais, que representen as ofertas consideradas.

A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos a adxudicar por este concepto. Desta forma, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5% corresponderá un máximo de 2 puntos; para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10%, 4 puntos; e así sucesivamente, ata un máximo de 10 puntos.

Proceso de puntuación

Seguidamente, calcularase a media aritmética de todas as reducións de prazo en consideración.


Asignarase 1 punto ás proposicións que se axusten ao prazo do prego, un 80% da puntuación máxima adxudicable ás que igualem a media aritmética anterior, e un 100% ás que signifiquen a redución máxima. Ás ofertas que representen reducións situadas no intermedio dos 2 tramos así configurados puntuaráselles proporcionalmente aos seus extremos de forma lineal

Para este segundo proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan.

Outorgaranse 0 puntos a aquelas ofertas de redución de prazo que non se consideraron debidamente xustificadas.

Nos casos de proposición única presentada debidamente xustificada que non exceda do prazo sinalado no prego ou dun conxunto de proposicións que signifique diferenzas de prazo inferiores ao 5% daquel, cualificarase sempre con 1 punto.

Para ilustrar este proceso, incorpórase o seguinte gráfico:



PUNTOS
MÁX.
80% MÁX.

REDUCIÓN DE PRAZOS

C) AUMENTO DA GARANTÍA

PUNTUACIÓN: ATA 10 PUNTOS

CRITERIO DE VALORACIÓN: sendo a garantía fixada no prego de 2 anos, o aumento de garantía valorarase da seguinte forma:

Ampliación de 12 meses.- 4 puntos

Ampliación de 18 meses.- 8 puntos

Ampliación de 24 meses.- 10 puntos

ANEXO IV DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES NO SOBRE C) OFERTA ECONÓMICA e CRITERIOS EVALUABLES AUTOMÁTICAMENTE

MODELO DE OFERTA

D. con domicilio en
..... rúa nº, código
postal....., teléfono, fax titular do NIF
nº, actuando en nome propio (ou en representación de
....., con NIF/CIF e domicilio en



Viaño Pequeno, 14
15687 Trazo (A Coruña)
t: 981 689 001
f: 981 689 035

WEB: www.concellodetrazo.es
Email: correo@concellodetrazo.es

Concello de Trazo

....., rúa, nº,
código postal, teléfono fax) toma parte
no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración convocado polo
Concello de Trazo para a subministración **DUN VEHÍCULO TRACTOR E DOUS
APEIROS CONSISTENTES EN DÚAS DESBROZADORAS, UNHA DE
ARRASTRE E OUTRA DE BRAZO, NOVOS PARA O CONCELLO DE TRAZO** e
fai constar que coñece e acepta os pregos de cláusulas administrativas particulares e de
prescricións técnicas que rexen o devandito contrato e que se compromete a realizar a
subministración con suxeición aos mesmos, segundo á seguinte oferta:

A) Prezo	Sen IVE: IVE: Prezo con IVE:
B) REDUCCIÓN PRAZO ENTREGA:	
C) AUMENTO PRAZO GARANTÍA :	

Ao mesmo tempo fai constar que se compromete a executar o contrato con data límite do
24/11/2017 e a presentar a factura ata o 24/11/2017 (ou no seu caso atendendo ás posibles
prórrogas na xustificación da subvención que poidan concederse)

.....,dede 20..

O Licitador (asinado e rubricado)

Trazo, 4 de outubro de 2017
O Alcalde,

Asdo. José Dafonte Varela